

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE FOMENTO

**21336** REAL DECRETO 1907/2000, do 24 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre recoñecementos obrigatorios para garanti-la seguridade da navegación de determinados buques de pasaxe. («BOE» 283, do 25-11-2000.)

O Consello de Ministros da Comunidade Europea aprobou, o 29 de abril de 1999, a Directiva 1999/35/CE, sobre un réxime de recoñecementos obrigatorio para garanti-la seguridade na explotación de servizos regulares de transbordadores de carga rodada e naves de pasaxe de gran velocidade.

Esta directiva vai destinada ós estados membros na súa calidade de estados de acollida, que son aqueles desde ou cara ós portos dos cales se prestan servizos regulares cos tipos de buques comprendidos no ámbito de aplicación da directiva.

A citada norma establece un réxime de recoñecementos e verificacións para levar a cabo antes da entrada en servizo do buque e posteriormente a intervalos periódicos, sempre que se produza un cambio de importancia nas circunstancias da explotación. Trátase, pois, de que a Administración marítima do Estado de acollida — neste caso, España— supervise e controle que as empresas de navegación que exploten servizos regulares de transporte marítimo con este tipo de buques o fagan en condicións de máxima seguridade. Dispónse, por último, un réxime de cooperación entre estados membros para a investigación dos sinistros ou incidentes marítimos que poidan producirse.

Desde o punto de vista competencial, debe precisarse que o artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre a mariña mercante, materia que ten o seu contido delimitado no artigo 6 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, a cal, no parágrafo g) do seu número 1, establece que é mariña mercante a inspección técnica e operativa de buques, tripulacións e mercadorías.

Este real decreto pretende, precisamente, dentro do citado marco competencial, incorporar ó ordenamento xurídico español as prescricións da Directiva 1999/35/CE.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de novembro de 2000,

DISPÓN O :

Artigo único. *Aprobación do Regulamento.*

Apróbase o Regulamento sobre recoñecementos obrigatorios para garanti-la seguridade da navegación de determinados buques de pasaxe, que se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións do mesmo ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Competencia do Estado.*

O regulamento aprobado por este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Fomento para dicta-las disposicións que resulten necesarias para o desenvolvemento e aplicación do Regulamento sobre recoñecementos obrigatorios para garanti-la seguridade da navegación de determinados buques de pasaxe e, en especial, para amplía-las disposicións do citado regulamento ós transbordadores de carga rodada e naves de pasaxe de gran velocidade, que efectúen navegación de liña regular de cabotaxe en zonas marítimas das clases B, C e D, definidas no artigo 4.1 do Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo, sobre regras e normas de seguridade aplicables ós buques de pasaxe que realicen travesías entre portos españois.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto e o regulamento que aproba entrará en vigor o día 1 de decembro de 2000.

Dado en Madrid o 24 de novembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,

FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

### REGULAMENTO SOBRE RECOÑECIMENTOS OBRIGATORIOS PARA GARANTI-LA SEGURIDADE DA NAVEGACIÓN DE DETERMINADOS BUQUES DE PASAXE

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto establecer un réxime obrigatorio de recoñecementos que incrementen a seguridade marítima e da navegación nos servizos regulares de transbordadores de carga rodada e naves de pasaxe de gran velocidade con orixe ou destino en portos españois, e conferirle á Administración marítima española o dereito a realizar, participar ou colaborar en toda investigación que se leve a cabo sobre sinistros ou accidentes marítimos que afecten ós citados servizos.

## Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste regulamento, entenderase por:

a) Transbordador de carga rodada: todo buque mercante de pasaxe que permita o embarque e desembarque rodado de vehículos automóbiles e de transporte ferroviario e que transporte máis de 12 pasaxeiros.

b) Nave de pasaxe de gran velocidade: a definida na regra 1 do capítulo X do Convenio SOLAS de 1974, na súa forma emendada na data de entrada en vigor deste regulamento, que transporte máis de 12 pasaxeiros.

c) Pasaxeiro: toda persoa que viaxe a bordo, agás:

- 1.º O capitán e os membros da tripulación ou outras persoas empregadas ou ocupadas a bordo do buque en calquera cometido relacionado coas actividades deste.
- 2.º Os nenos menores dun ano.

d) Convenio SOLAS: o Convenio para a seguridade da vida humana no mar de 1974, xunto cos protocolos e emendas a este que estean en vigor na data de entrada en vigor deste regulamento.

e) Código de naves de gran velocidade: o código internacional de seguridade para as naves de gran velocidade contido na Resolución (MSC) 36 (63), do 20 de maio de 1994, do Comité de Seguridade Marítima da OMI, na súa forma emendada na data de entrada en vigor deste regulamento.

f) Servizo regular: unha serie de travesías efectuadas por transbordadores de carga rodada ou naves de pasaxe de gran velocidade entre dous ou máis portos, ou unha serie de viaxes con orixe e destino no mesmo porto sen escalas intermedias, xa sexa axustándose a uns horarios coñecidos do público ou ben cun grao de regularidade ou frecuencia que o converten nunha serie sistemática recoñecible.

g) Zona marítima: as incluídas na relación establecida segundo o artigo 4 do Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo, sobre regras e normas de seguridade aplicables ós buques de pasaxe que realicen travesías entre portos españois, que incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 98/18/CE, do Consello, do 17 de marzo, sobre regras e normas de seguridade aplicables ós buques de pasaxe.

h) Certificados:

1.º Polo que respecta ós transbordadores de carga rodada e ás naves de pasaxe de gran velocidade que realizan viaxes internacionais, os certificados de seguridade expedidos segundo o disposto no Convenio SOLAS de 1974 coas súas modificacións, xunto cos inventarios pertinentes do equipo e, se procede, os certificados de exención, así como as autorizacións que correspondan.

2.º Polo que respecta ós transbordadores de carga rodada e naves de pasaxe de gran velocidade que realizan viaxes nacionais, os certificados de seguridade expedidos conforme o Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo, xunto cos pertinentes inventarios do equipo e, se procede, certificados de exención, así como o permiso de explotación regulado no artigo 12.3 do citado real decreto.

i) Certificado de exención: todo certificado expedido conforme o prescrito na regra I B/12 (a) (vi) do Convenio SOLAS de 1974.

j) Administración do Estado de abandeiramento: as autoridades competentes do Estado membro no que estea abandeirado o transbordador de carga rodada ou a nave de pasaxe de gran velocidade.

k) Estado de acollida: o Estado membro no territorio do cal se encontran os portos desde ou cara ós cales

presta servizo regular un transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade.

l) Viaxe internacional: toda viaxe por mar desde un porto español a un porto estranxeiro, ou viceversa.

m) Viaxe nacional: toda viaxe por mar entre portos españois.

n) Organización recoñecida: as definidas no artigo 2.g) do Real decreto 2662/1998, do 11 de decembro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima.

ñ) Compañía: toda empresa navieira que explote un ou máis transbordadores de carga rodada á que se lle expediu un documento de conformidade segundo o número 2 do artigo 5 do Regulamento (CE) número 3051/95, do Consello, do 8 de decembro, sobre a xestión da seguridade de transbordadores de pasaxeiros de carga rodada, ou ben que explote unha nave de pasaxe de gran velocidade á que se lle expediu un certificado de conformidade coa regra IX/4 do Convenio SOLAS de 1974, na súa forma emendada na data de entrada en vigor deste regulamento.

o) Código para a investigación de sinistros marítimos: o aprobado pola OMI mediante a Resolución A.849 (20) da Asemblea, do 27 de novembro de 1997.

p) Recoñecemento específico: o realizado polo Estado de acollida, segundo o disposto nos artigos 6 e 8 deste regulamento.

q) Inspector cualificado: un empregado público ou calquera outra persoa facultada pola Dirección Xeral da Mariña Mercante para realizar recoñecementos e inspeccións relativas ós certificados, e que cumpre os criterios de cualificación e independencia que figuran no anexo V.

r) Deficiencia: o incumprimento dalgunha das prescricións deste regulamento.

s) «RDT»: rexistrador de datos da travesía que sirva para facilitar información nos casos nos que se investigue un sinistro marítimo.

## Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este regulamento aplicarase a todo transbordador de carga rodada e nave de pasaxe de gran velocidade que realice servizos regulares con orixe ou destino en portos españois con independencia do pavillón que enarbore, cando realice viaxes internacionais ou nacionais en zonas marítimas da clase A segundo o artigo 4 do Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo.

## Artigo 4. *Verificacións iniciais requiridas para os transbordadores de carga rodada ou naves de pasaxe de gran velocidade.*

Con anterioridade á adscrición a un servizo regular dun transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade, ou ben, como máis tarde, o 1 de decembro do ano 2001, se o buque ou nave está xa prestando servizo regular un ano antes desa data, a Dirección Xeral da Mariña Mercante verificará e informará, por escrito, á empresa de navegación do resultado da verificación, que o transbordador de carga rodada ou a nave de pasaxe de gran velocidade cumpre os seguintes requisitos:

a) Levar certificados válidos, expedidos pola Administración do Estado, de abandeiramento ou por unha organización recoñecida que actúe no seu nome.

b) Ter sido obxecto dos oportunos recoñecementos para a expedición de certificados, conforme os procedementos e directrices anexos á Resolución A.746 (18) da Asemblea da OMI «Directrices para efectuar recoñecementos de conformidade co sistema harmonizado de recoñecementos e certificación», vixentes na data de entrada en vigor deste regulamento, ou outros procedementos destinados ó mesmo fin.

c) Cumprilas normas especificadas para a súa clasificación nas regras dunha organización recoñecida ou outras normas consideradas equivalentes pola Administración do Estado de abandeiramento no que se refire á construción e ó mantemento do casco, a maquinaria principal e auxiliar e as instalacións eléctricas e automáticas.

d) Estar provisto dun RDT coas prestacións que se especifican na Resolución A.861 (20) da Asemblea da OMI, do 27 de novembro de 1997, e ter superado as normas de ensaio establecidas na norma número 61.996 da Comisión Electrotécnica Internacional (CEI).

Sen embargo, poderanse eximir do cumprimento dalgunhas prescricións relacionadas co RDT os buques construídos con anterioridade á aprobación deste regulamento.

Estas exencións, así como as condicións que permitan a súa concesión, aprobaranse conforme o procedemento establecido no artigo 16 da Directiva 1999/35/CE.

Para tal efecto, os solicitudes de exención presentaranse ante a Dirección Xeral da Mariña Mercante para o seu traslado á Comisión, a cal levará a cabo as actuacións previstas no citado artigo 16, coa asistencia do Comité creado polo artigo 12.1 da Directiva 93/75/CEE.

#### Artigo 5. *Verificacións iniciais requiridas ás compañías e estados de abandeiramento.*

Con anterioridade á adscrición a un servizo regular dun transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade, ou ben, como máis tarde, o 1 de decembro do ano 2001 se o buque está xa prestando servizo de liña regular un ano antes desa data, a Dirección Xeral da Mariña Mercante deberá levar a cabo as seguintes comprobacións, informando por escrito do resultado destas á empresa de navegación:

1.<sup>a</sup> Que as empresas navieiras que explotan ou teñan intención de explota-lo dito buque para un servizo regular adoptaron as medidas necesarias para garantir que se aplican as prescricións específicas que figuran no anexo I deste regulamento e acreditaron, ante a Dirección Xeral da Mariña Mercante, que cumpren o disposto neste número e no artigo 4, e se comprometeron formalmente a que a Dirección Xeral da Mariña Mercante e a Administración marítima de calquera outro Estado membro, con interese significativo, poidan realizar, participar plenamente ou colaborar en calquera investigación dun sinistro ou incidente marítimo, e teñan acceso á información recuperada dos RDT instalados a bordo de transbordadores ou naves que se visen involucrados nesos sinistros ou incidentes.

2.<sup>a</sup> No que respecta a buques ou naves abandeirados nalgún Estado non pertencente á Unión Europea, que o dito Estado aceptou o compromiso da compañía de cumprilas prescricións da Directiva 1999/35/CE.

#### Artigo 6. *Recoñecementos específicos iniciais.*

1. Con anterioridade á adscrición a un servizo regular do transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade, ou ben, como máis tarde, o 1 de decembro do ano 2001 se o buque está xa prestando servizo regular un ano antes desa data, a Dirección Xeral da Mariña Mercante levará a cabo un recoñecemento

específico inicial, segundo o disposto nos anexos I e III deste regulamento, para asegurarse de que o transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade reúne tódalas condicións para prestar servizo, informando por escrito á empresa navieira do resultado do dito recoñecemento.

2. No primeiro suposto do número anterior, a Dirección Xeral da Mariña Mercante fixará unha data para o recoñecemento específico inicial, que non deberá exceder en máis dun mes da de disposición dos elementos de xuízo necesarios para completa-la verificación prevista nos artigos 4 e 5.

#### Artigo 7. *Disposicións especiais.*

1. Cando un transbordador de carga rodada ou unha nave de pasaxe de gran velocidade vaia prestar por primeira vez servizo regular en España, a Dirección Xeral da Mariña Mercante deberá ter en conta, no posible, as verificacións ou recoñecementos xa realizados no dito buque ou nave se prestou servizo regular anteriormente tendo cumprido os requisitos previstos na Directiva 1999/35/CE. Sempre que a Dirección Xeral da Mariña Mercante considere concluíntes estas verificacións e recoñecemento anterior, e que sexan adecuados para as novas condicións de navegación, non se aplicarán os artigos 4, 5 e 6 como requisito previo á entrada en servizo do transbordador de carga rodada ou a nave de alta velocidade no novo servizo regular.

2. Non será necesario aplica-los artigos 4, 5 e 6 cando un transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade, que cumpra o disposto neste regulamento e que xa está prestando un servizo regular noutro Estado membro da Unión Europea, sexa transferido a outro servizo regular en que os estados de acollida interesados estean de acordo en que as características da ruta son similares, e tódolos estados de acollida acorden que o transbordador ou a nave cumpren tódalas prescricións de seguridade na navegación para ese servizo.

Por solicitude dunha empresa de navegación, os estados de acollida de que se trate poderán confirmar por adiantado o seu acordo de que as características da ruta son similares.

3. Nos casos nos que, por circunstancias imprevistas, deba utilizarse rapidamente un buque para substituír outro e garanti-la continuidade do servizo e no que non sexan de aplicación os números 1 e 2 deste artigo, a Dirección Xeral da Mariña Mercante poderá permitir que o buque entre en servizo sempre que a inspección ocular e a verificación dos documentos non susciten dúbidas de que o buque cumpra as prescricións necesarias para a seguridade da navegación, debendo o citado centro directivo completa-las verificacións e recoñecementos recollidos nos artigos 4, 5 e 6 deste regulamento no prazo dun mes.

#### Artigo 8. *Recoñecementos específicos periódicos e outros recoñecementos.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante realizará unha vez cada doce meses un recoñecemento específico (considerándose tamén como tal o do artigo 6), de conformidade coas directrices establecidas no anexo III deste regulamento, e un recoñecemento durante a navegación que terá como finalidade verificar que existen os suficientes elementos de xuízo dos recollidos nos anexos I, III e IV para asegurarse de que o transbordador ou nave segue cumprindo tódolos requisitos necesarios para que resulte garantida a seguridade da navegación, informando por escrito á empresa de navegación do resultado deses recoñecementos.

2. A Dirección Xeral da Mariña Mercante efectuará tamén un recoñecemento específico conforme as directrices establecidas no anexo III cada vez que o transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade sufra reparacións, alteracións ou modificacións de importancia, cambie de armador ou de bandeira, ou sexa transferido a outra clase. Non obstante, en caso de cambio de armador ou de bandeira ou de transferencia de clase, a Dirección Xeral da Mariña Mercante poderá dispensa-lo buque do recoñecemento específico establecido neste número, tras ter en conta as verificacións ou recoñecementos realizados nel con anterioridade e sempre que non se vexa afectada a seguridade para a navegación por ese cambio ou transferencia.

#### Artigo 9. *Prohibición de navegación.*

1. Adoptarase a medida de policía administrativa de prohibi-la navegación do buque cando os recoñecementos previstos neste regulamento confirmen ou revelen algunha das seguintes deficiencias:

- a) Non estar acreditado o cumprimento do disposto nos artigos 4 e 5 deste regulamento.
- b) Encontrarse deficiencias no curso dos recoñecementos ós que fan referencia os artigos 6 e 8 deste regulamento, que supoñan un perigo inmediato para o buque, a súa tripulación e os pasaxeiros.
- c) Comprobarse que non se cumpren os instrumentos comunitarios enunciados no anexo II deste regulamento e que isto representa un perigo inmediato para o buque, a súa tripulación e os pasaxeiros.
- d) Non ter sido consultada a Administración marítima española polo Estado de abandeiramento con relación ós aspectos recollidos nos números 1 e 3 do artigo 11 deste regulamento.

2. A prohibición de navegación do buque, adoptada polo inspector marítimo, que deberá motivarse detalladamente e comunicárselle formalmente á empresa naveira, só será levantada cando se acredite, a xuízo do órgano que a impón, que desapareceu o perigo para a seguridade marítima e se cumpran os requisitos deste regulamento.

3. Contra o acto de prohibición da navegación do buque poderase recorrer enalzada, a través da Capitanía Marítima competente, ante o director xeral da Mariña Mercante. O recurso non suspenderá a inmovilización, salvo o disposto no artigo 111.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O réxime de recursos será o previsto no capítulo II do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Nos supostos en que se leven a cabo os recoñecementos previstos nos artigos 4, 5 e 6 deste regulamento antes da entrada en servizo regular dun transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade, a decisión, cando proceda, de prohibi-la navegación adoptarase no prazo dun mes a partir do recoñecemento específico inicial e comunicárselle á empresa inmediatamente.

5. Se o transbordador de carga rodada ou a nave de gran velocidade xa está prestando un servizo regular e se comproba que existen deficiencias que non presentan un perigo inmediato para a seguridade do buque, a tripulación ou os pasaxeiros, a Dirección Xeral da Mariña Mercante esixiralle á empresa naveira que tome as medidas necesarias para rectificalas con prontitude, nun prazo de entre quince días e un mes, que poderá ampliarse en casos excepcionais debidamente xustificadas. Unha vez rectificada a deficiencia, comprobarase que

a rectificación se realizou á súa enteira satisfacción e, de non ser así, tomará a medida de prohibi-la navegación do buque.

6. As infraccións fundadas nas deficiencias ou incumprimentos citados no número 1 deste precepto darán lugar á incoación do correspondente expediente sancionador, que se rexerá polo disposto no título IV da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e no Real decreto 1772/1994, do 5 de agosto, polo que se adecuan determinados procedementos administrativos en materia de transportes e estradas á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 10. *Procedementos relacionados cos recoñecementos específicos iniciais e periódicos.*

1. Os transbordadores de carga rodada e naves de pasaxe de gran velocidade que superasen os recoñecementos específicos a satisfacción da Dirección Xeral da Mariña Mercante quedarán exentos das inspeccións ampliadas que o citado centro directivo tivese que realizar, xa sexa conforme o número 3 do artigo 7 do Real decreto 768/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento para o control do cumprimento da normativa internacional sobre seguridade marítima, prevención da contaminación e condicións de vida e de traballo nos buques estranxeiros que utilicen portos ou instalacións situadas en augas xurisdiccionais españolas, ou polo motivo fundado de pertencer á categoría de buques de pasaxe, segundo figura no número 1 do artigo 7 e no número 3 da sección A do anexo V dese real decreto.

2. Cando a Dirección Xeral da Mariña Mercante participe no recoñecemento específico dun mesmo buque coa Administración marítima doutro Estado de acollida, colaborará con esta. Os recoñecementos efectuaraos un equipo integrado por inspectores da Dirección Xeral da Mariña Mercante e, se é o caso, das administracións marítimas dos outros estados de acollida.

No suposto de que sexa necesaria unha avaliación cualitativa do cumprimento das disposicións relativas á clase, os citados organismos velarán porque os integrantes do equipo teñan os coñecementos e experiencia necesarios, incluíndo, de se-lo caso, un supervisor dunha organización recoñecida. Os inspectores informarán das deficiencias que detecten ás administracións marítimas dos estados de acollida. A Dirección Xeral da Mariña Mercante comunicarlle esta información ó Estado de abandeiramento se este non é un Estado de acollida que participe no recoñecemento.

3. A Dirección Xeral da Mariña Mercante pode aceptar levar a cabo un recoñecemento a pedimento doutro dos estados de acollida.

4. A petición da empresa de navegación, a Dirección Xeral da Mariña Mercante invitará a Administración do Estado de abandeiramento que non sexa Estado de acollida a estar representada en todo recoñecemento específico que se leve a cabo de conformidade co disposto neste regulamento.

5. Cando leve a cabo un recoñecemento conforme os artigos 6 e 8, a Dirección Xeral da Mariña Mercante terá en conta o programa de operacións e mantemento do buque ou nave.

6. A información obtida durante os recoñecementos específicos recollerase nun informe cunha estrutura que se definirá segundo o procedemento establecido no artigo 16 da Directiva 99/35/CE. Para tal efecto, a Dirección Xeral da Mariña Mercante trasladará as súas conclusións á Comisión.

7. De persistir desavinza entre a Dirección Xeral da Mariña Mercante e a Administración marítima doutros

estados de acollida respecto do cumprimento das disposicións do artigo 4 e o número 1 do artigo 5, a Dirección Xeral da Mariña Mercante, cando participe nun recoñecemento específico, informará de inmediato a Comisión sobre as súas causas.

#### Artigo 11. *Medidas de acompañamento.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante, cando expida ou recoñeza un certificado de exención, colaborará coa Administración marítima do Estado de acollida ou do Estado de abandeiramento interesados para resolver calquera discrepancia sobre a conveniencia de outorgala citada exención, antes de que se efectúe o recoñecemento específico inicial.

2. A Dirección Xeral da Mariña Mercante transmitiralle á Comisión copias dos informes a que se fai referencia no número 6 do artigo 10, co seu número de identificación da OMI, se procede.

3. Cando España vaia ser Estado de acollida, a Dirección Xeral da Mariña Mercante asegurárase de que a Administración do Estado de abandeiramento contou plenamente coa súa participación con vistas á expedición do permiso de explotación para naves de gran velocidade, conforme as disposicións do punto 1.9.3 do Código de naves de gran velocidade. A Dirección Xeral da Mariña Mercante garantirá que se impoñen e manteñen as restriccións operacionais necesarias para protexela vida, os recursos naturais e as actividades costeiras, e tomará medidas para a súa aplicación.

### ANEXO I

#### Prescricións específicas de obrigado cumprimento para as empresas de navegación

(Conforme o número 1 do artigo 5 e os artigos 6 e 8)

As empresas navieiras deberán estar en condicións de acreditar que, a bordo dos transbordadores de carga rodada e naves de pasaxe de gran velocidade:

1. Se lle facilitou ó capitán a información oportuna sobre os sistemas de guía para a navegación existentes en terra e outros sistemas de información que poidan axudalo a dirixila viaxe con seguridade, antes de que o buque ou nave saia do porto, e que o capitán utiliza os sistemas de información e guía para a navegación adscritos á Administración marítima española.

2. Se aplican as disposicións pertinentes dos números 2 a 6 da circular MSC 699, «Directrices revisadas sobre as instrucións de seguridade para os pasaxeiros».

3. Nun lugar de fácil acceso se exhiba un cadro coa organización das funcións a bordo que conteña:

- a) O horario de servizos no mar e en porto.
- b) O número máximo de horas de traballo e mínimo de horas de descanso esixidas ó persoal de garda.

4. O capitán non teña limitada a súa capacidade de tomar calquera decisión que, segundo o seu criterio profesional, resulte necesaria para a seguridade da navegación e o funcionamento do buque, en especial, en condicións de mal tempo e mar bravo.

5. O capitán leve un rexistro das actividades e incidentes da navegación que sexan relevantes para a seguridade da navegación.

6. Toda avaría ou deformación das portas exteriores do forro ou as correspondentes chapas do casco que poida afectar á integridade do buque e calquera deficiencia nos medios de suxeición desas portas, se lle notifican rapidamente tanto á Administración do Estado de

abandeiramento como ó Estado de acollida, e se reparan de contado á satisfacción destes.

7. Se dispoña dun plan de travesía actualizado antes da saída do buque. Ese plan elaborárase cumprindo plenamente a Resolución MSC sobre Directrices para a planificación de viaxes.

8. Se lles deu a coñecer ós pasaxeiros e se mostre de forma adecuada para quen sufra algunha deficiencia visual, información xeral sobre os servizos e asistencia que se lles ofrecen a bordo ás persoas maiores e discapacitadas.

### ANEXO II

#### Lista de instrumentos comunitarios

[A que se fai referencia na alínea c) do número 1 do artigo 9]

a) Directiva 93/75/CEE, do Consello, do 13 de setembro, sobre as condicións mínimas esixidas ós buques con destino ós portos marítimos da Comunidade ou que saian deles e transporten mercadorías perigosas ou contaminantes (DO L 247, de 5 de outubro de 1993, p. 19); Directiva cunha última modificación constituída pola Directiva 98/74/CE, da Comisión (DO L 276, do 13 de outubro de 1998, p. 7), incorporadas ó ordenamento xurídico español polo Real decreto 1253/1997, do 24 de xullo, modificado polo Real decreto 701/1999, do 30 de abril.

b) Directiva 94/58/CE, do Consello, do 22 de novembro, relativa ó nivel mínimo de formación en profesións marítimas (DO L 319 do 12 de decembro de 1994, p. 28); Directiva cunha última modificación constituída pola Directiva 98/35/CE (DO L 172 do 17 de xuño de 1998, p. 1), incorporadas ó ordenamento xurídico español polas prescricións do Convenio STCW e o Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro.

c) Regulamento (CE) número 3051/95 do Consello, do 8 de decembro, sobre a xestión da seguridade de transbordadores de pasaxeiros de carga rodada (DO L 320 do 30 de decembro 1995, p. 14); Regulamento modificado polo Regulamento (CE) número 179/98, da Comisión (DO L 19, do 24 de xaneiro de 1998, p. 35).

### ANEXO III

#### Procedementos para os recoñecementos específicos

(Conforme os artigos 6 e 8)

1. O recoñecemento específico garantirá que se cumpren as prescricións aplicables en particular en relación coa construción, subdivisión e estabilidade, maquinaria e instalacións eléctricas, carga, estabilidade, protección contra incendios, número máximo de pasaxeiros, dispositivos salvavidas e transporte de mercadorías perigosas, radiocomunicacións e navegación; para tal fin, e sempre que sexa de aplicación ese recoñecemento, comprenderá, polo menos, o seguinte:

- a) Arranque do xerador de emerxencia.
- b) Inspección da iluminación de emerxencia.
- c) Inspección da fonte de alimentación de emerxencia das instalacións de radio.
- d) Ensaio da instalación de megafonía.
- e) Exercicio de loita contra incendios, incluída demostración da capacidade de utilizar traxes de bombeiros.
- f) Funcionamento da bomba contraincendios de emerxencia, con dúas mangueras contraincendios conectadas ó colector.
- g) Ensaio dos mandos a distancia de parada de emerxencia que controlan a subministración de com-

bustible ás caldeiras e a maquinaria principal e auxiliar e accionan os ventiladores.

h) Ensaio dos mandos a distancia e mandos locais de peche das válvulas de bolboreta contraincendios.

i) Ensaio dos sistemas de detección de incendios e alarma contraincendios.

j) Ensaio de peche das portas contraincendios.

k) Accionamento das bombas de sentina.

l) Peche das portas das anteparas estancas, tanto a distancia como mediante mando local.

m) Demostración de que os membros clave da tripulación están familiarizados cos plans de loita contra avarías.

n) Arriamento e posta a flote de, polo menos, un bote de rescate e un bote salvavidas, posta en marcha e ensaio do sistema de propulsión e goberno destes, recuperación e colocación dos botes no seu posto de estiba a bordo.

ñ) Comprobación do inventario de tódolos botes salvavidas e botes de rescate.

ou) Ensaio dos aparellos de goberno principal e auxiliar do buque.

2. Comprobarase o sistema de mantemento planificado de a bordo.

3. Examinarase o coñecemento e a eficacia dos tripulantes en relación cos procedementos de seguridade e, en caso de emerxencia, mantemento, hábitos de traballo, seguridade dos pasaxeiros, procedementos da ponte e operacións relacionadas coa carga e os vehículos.

Comprobarase a capacidade dos tripulantes de comprender e, se é o caso, dar ordes e instrucións e informa-los seus superiores na lingua de traballo común indicada no diario de navegación.

Comprobarase a acreditación escrita de que os membros da tripulación superaron unha formación especial, en particular nas áreas seguintes:

a) Control de multitudes.

b) Estar familiarizados coa utilización dos equipos de seguridade.

c) Formación en seguridade destinada ó persoal que presta asistencia directamente á pasaxe nos espazos de pasaxeiros e, en particular, ás persoas maiores e discapacitadas en situación de emerxencia.

d) Xestión de crise e comportamento humano.

No recoñecemento específico determinarase se os sistemas de quendas provocan fatiga esaxerada, especialmente no persoal de garda.

4. Só se recoñecerán os títulos dos tripulantes expedidos por terceiros países se cumpren a regra I/10 do Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar (Convenio STCW) revisado.

#### ANEXO IV

**Directrices indicativas para os recoñecementos sen previo aviso durante unha travesía regular, destinadas ós inspectores cualificados**

(Conforme o número 1 do artigo 8)

1. Información sobre a pasaxe:

a) Examinarase os medios utilizados para garantir que non se supera o número de pasaxeiros que está autorizado a transporta-lo buque.

b) Comprobarase que o sistema de rexistro de pasaxeiros cumpre a normativa e é eficaz.

c) Comprobarase que o dato do número total de pasaxeiros se lle facilita ó capitán e, de se-lo caso, que os pasaxeiros que fagan unha travesía de ida e volta

sen desembarcar son incluídos no total da viaxe de retorno.

2. Información sobre carga e estabilidade:

a) Comprobarase que hai instaladas e se utilizan marcas de calado, segundo proceda.

b) Comprobarase que se tomaron medidas para evita-la sobrecarga do buque e que non está somerxida a liña de carga de compartimentado apropiada.

c) Verificarase que se avalía debidamente a carga e a estabilidade.

d) Comprobarase que se pesaron de forma adecuada os vehículos e o resto da carga e que as cifras se lle transmiten ó capitán para a súa utilización nas avaliacións da carga e a estabilidade.

e) Comprobarase que hai plans de loita contra avarías expostos permanentemente e que se lles facilitaron ós oficiais manuais sobre a loita contra avarías.

3. Seguridade para a navegación:

a) Examinarase o procedemento para garantir que o buque reúne as condicións de seguridade necesarias para saír ó mar antes de que saia de porto, incluído un procedemento polo que se informa expresamente de que están pechadas tódalas portas do forro estancas á auga e á intemperie.

b) Comprobarase que tódalas portas da cuberta de vehículos están pechadas antes de que o buque saia de porto ou permanecen abertas unicamente o tempo necesario para permitir pecha-lo helmo de porta de proa, verificaranse os mecanismos de peche das portas de proa, popa e costados, así como as luces indicadoras e cámaras de televisión de vixilancia que mostren a situación desas portas na ponte de navegación.

c) Determinarase e notificarase toda dificultade no funcionamento das luces indicadoras, especialmente polo que se refire ós interruptores das portas.

4. Consignas de seguridade:

a) Examinarase as consignas de seguridade ruti-neiras e exhibición de instrucións para procedementos de emerxencia no idioma ou idiomas adecuados.

b) Comprobarase que ó principio da viaxe se dan as consignas de seguridade, e que estas poden oírse en tódolos espazos públicos, incluídas as cubertas expostas, a que os pasaxeiros teñen acceso.

5. Anotacións no diario de navegación: examínase o diario de navegación para comprobar se se anotou o peche das portas estancas á auga e á intemperie situadas a proa, a popa e noutros lugares, os exercicios de peche das portas estancas de compartimentado, as probas do aparello de goberno, etc. Tamén se comprobará que se anotan os calados, francobordo e datos de estabilidade, así como a lingua común da tripulación.

6. Mercadorías perigosas:

a) Comprobarase a aplicación da normativa pertinente a toda carga perigosa ou contaminante. En particular, verificarase que se realizou unha declaración sobre as mercadorías perigosas e contaminantes transportadas, que existe un manifesto ou plano de estiba que mostra a súa situación a bordo, que o transporte desa carga particular está permitido en buques de pasaxe, e que as mercadorías perigosas e contaminantes están adecuadamente marcadas, etiquetadas, estibadas, suxeitas e separadas.

b) Comprobarase que os vehículos que transportan mercadorías perigosas ou contaminantes levan os rótulos indicativos adecuados e están ben suxeitos.

c) Verificarase que, cando se transportan mercadorías perigosas ou contaminantes, hai dispoñible en terra unha copia do manifesto ou plano de estiba.

d) Comprobarase que o capitán coñece as obrigas en materia de notificación derivadas do Real decreto 1253/1997, do 24 de xullo, sobre condicións mínimas esixidas ós buques que transporten mercadorías perigosas ou contaminantes, con orixe ou destino en portos marítimos nacionais, polo que se incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 93/75/CEE, así como as instrucións sobre os procedementos de emerxencia e primeiros auxilios en caso de incidente con mercadorías perigosas ou contaminantes mariños.

e) Comprobarase que os medios de ventilación das cubertas de vehículos están funcionando en todo momento, que incrementan a súa potencia cando os motores dos vehículos están en marcha e que hai instalado un sistema indicador que mostra na ponte se funciona a ventilación da cuberta de vehículos.

#### 7. Suxeición dos vehículos de mercadorías:

a) Comprobarase cómo están suxeitos os vehículos de mercadorías, por exemplo, estibados en bloque ou con trinca individual.

b) Verificarase tamén se se proveron suficientes puntos de suxeición reforzados.

c) Examinaranse os sistemas de suxeición dos vehículos de mercadorías en condicións de mal tempo ou cando se prevé temporal.

d) Comprobarase o método de suxeición de autocares e motocicletas, se existe.

e) Comprobarase a existencia dun manual de suxeición da carga a bordo do buque.

#### 8. Cubertas de vehículos:

a) Comprobarase se os espazos de categoría especial e de carga rodada son obxecto dun sistema de roldas ou están vixiados por circuíto de televisión de modo que poida observarse o movemento dos vehículos en malas condicións meteorolóxicas e a entrada non autorizada de pasaxeiros.

b) Verificarase que as entradas e portas contraincendios se manteñen pechadas e que se colocaron carteis de aviso para impedi-la entrada de pasaxeiros nas cubertas de vehículos cando o buque está no mar.

#### 9. Peche das portas estancas:

a) Comprobarase que se seguen as indicacións que figuran nas instrucións operacionais en relación coas portas estancas de compartimentado.

b) Verificarase que se realizan os exercicios prescritos.

c) Confirmarase que o control das portas estancas desde a ponte se verifica, cando é posible, en modo «local».

d) Comprobarase que as portas se manteñen pechadas en condicións de visibilidade restrinxida ou outras situacións perigosas.

e) Comprobarase que se lles ensina ós tripulantes a maneira correcta de acciona-las portas, e que estes son conscientes do perigo que entraña a súa mala utilización.

10. Patrullas contraincendios: confirmarase que existe un sistema eficiente de patrullas que permite detectar calquera conato de incendio. As patrullas deberán vixiar tamén os espazos de categoría especial onde non haxa instalado un sistema fixo de detección e alarma contraincendios, téndose en conta que eses espazos poden estar xa vixiados mediante un sistema de roldas, segundo se indica no número 8.

11. Comunicacións en caso de emerxencia: comprobarase no cadro de obrigas que hai suficientes tripulantes para asistilos pasaxeiros en situación de emerxencia, e que estes cumpren os requisitos estable-

cidos para o efecto no artigo 17.3 do Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas, de incorporación ó ordenamento xurídico español das Directivas 98/35/CE e 94/58/CE.

12. Lingua de traballo común ós tripulantes: neste número aplicarase o disposto no artigo 17.2 do Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro.

#### 13. Equipo de seguridade:

a) Comprobarase que se realiza o mantemento dos dispositivos salvavidas e de loita contra incendios, incluídas as portas contraincendios e outros elementos de protección estrutural contra o lume que poidan inspeccionarse con facilidade.

b) Verificarase que están permanentemente expostos os planos do sistema de loita contraincendios, ou que se lles facilitaron ós oficiais do buque manuais que conteñan unha información equivalente.

c) Comprobarase a correcta estiba dos chalecos salvavidas, e que se identifican facilmente as situacións dos chalecos salvavidas infantís.

d) Verificarase que a carga dos vehículos non entorpece o funcionamento dos dispositivos de loita contra incendios, peches de emerxencia nin controis das válvulas de temporal, etc., que poidan estar situados nas cubertas de vehículos.

14. Equipo de navegación e equipo radioeléctrico: comprobarase o correcto funcionamento dos equipos de navegación e de comunicacións radioeléctricas, incluídas as radiobalizas de localización de sinistros (RLS).

15. Iluminación de emerxencia suplementaria: comprobarase que hai instalada unha iluminación de emerxencia suplementaria cando estea prescrito, e que se leva un rexistro dos seus fallos.

#### 16. Medios de evacuación:

a) Comprobarase o marcado segundo as prescricións aplicables, e a iluminación desde as fontes de enerxía eléctrica principal e de emerxencia dos medios de evacuación.

b) Comprobaranse as medidas adoptadas para evitar que os vehículos estean nas vías de evacuación cando estas atravesan ou pasan polas cubertas de vehículos.

c) Comprobarase tamén que se manteñen expeditas as saídas, en especial as das tendas libres de impostos, que ás veces están bloqueadas por un exceso de mercadorías.

#### 17. Manual de operacións:

a) Comprobarase que o capitán e tódolos oficiais superiores dispoñen dun exemplar do libro de operacións, e que hai outros dispoñibles para tódolos tripulantes.

b) Verificarase tamén que existen listas de comprobación para as tarefas de preparación para a navegación e outras operacións.

18. Limpeza da cámara de máquinas: comprobarase que a cámara de máquinas se mantén limpa.

19. Eliminación de lixo: comprobarase que son satisfactorios os sistemas empregados para a manipulación e eliminación de lixo.

#### 20. Plan de mantemento:

a) Toda empresa navieira debe ter unha serie de ordes permanentes, cun sistema de mantemento planificado, para tódalas zonas relacionadas coa seguridade, incluídas as portas de proa e popa e as aberturas dos costados xunto cos seus mecanismos de peche, así como a cámara de máquinas e o equipo de seguridade.

b) Debe haber plans para a comprobación periódica de tódolos elementos, co fin de mante-las normas de seguridade ó nivel máis elevado posible.

c) Deben existir procedementos para rexistrar deficiencias e confirmar que se rectificaron, de modo que o capitán e a persoa designada en terra, que debe formar parte da xerencia da compañía, coñezan esas deficiencias e o feito de que se emendaron nun prazo especificado. A comprobación periódica do funcionamento dos mecanismos de peche das portas exteriores e interiores de proa debe incluí-los indicadores, equipo de vixilancia e calquera embornal situado nos espazos entre o helmo de proa e a porta interior e, en especial, os mecanismos de peche e os sistemas hidráulicos a eles asociados.

21. Viaxe: cando se realice unha viaxe deberá aproveitarse a ocasión para determinar se hai a bordo un número excesivo de persoas, se a dispoñibilidade de asentos é suficiente e se os corredores, escaleiras e saídas de emerxencia están bloqueados con equipaxes ou pasaxeiros sen asento. Comprobarase que non quedan pasaxeiros na cuberta de vehículos inmediatamente antes de que o buque zarpe, nin se permite o acceso da pasaxe ata inmediatamente antes do amarre.

## ANEXO V

### Criterios de cualificación e independencia para os inspectores cualificados

[Conforme o parágrafo q) do artigo 2]

1. O inspector cualificado deberá estar facultado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante para efectuar os recoñecementos específicos previstos no artigo 6 deste regulamento.

2. O inspector cualificado deberá cumprir unha das dúas seguintes series de requisitos:

1.º Primeira serie de requisitos:

A) Ter cumprido un mínimo dun ano ó servizo da Administración marítima dun Estado membro en calidade de inspector do Estado de abandeiramento, ocupándose de labores de recoñecemento e certificación de acordo co disposto no Convenio SOLAS de 1974, ademais de cumprí-los requisitos de titulación que seguidamente se expoñen.

B) Titulación: a das alíneas a), b) ou c) que a continuación se expoñen:

a) Título de capitán, que o capacite para exercer o mando dun buque de arqueación igual ou superior a 1.600 GT, consonte o Convenio STCW, regra II/2.

b) Título de maquinista naval xefe, que o capacite para desempeñar esa función a bordo dun buque que teña unha máquina propulsora principal cunha potencia igual ou superior a 3.000 kW, de acordo co Convenio STCW, regra III/2.

c) Título de enxeñeiro naval, enxeñeiro industrial mecánico ou enxeñeiro nalgunha especialidade relacionada co sector marítimo, expedido nun Estado membro, e ter traballado como tal durante cinco anos, como mínimo.

C) Os inspectores que se mencionan nas alíneas a) e b) deberán ter traballado durante un período mínimo de cinco anos no mar como oficiais na sección de ponte ou na sección de máquinas, respectivamente.

2.º Segunda serie de requisitos, que non son alternativos, senón que deben cumprirse conxuntamente:

A) Ter unha titulación universitaria adecuada ou unha formación equivalente recibidas nun Estado membro.

B) Ter recibido formación e titulación nunha escola de inspectores de seguridade de buques dun Estado membro.

C) Ter traballado, polo menos, dous anos ó servizo da Administración marítima dun Estado membro como inspector do Estado de abandeiramento, ocupándose de labores de recoñecemento e certificación conforme o disposto no Convenio SOLAS de 1974.

3. O inspector cualificado deberá ser capaz de comunicarse verbalmente e por escrito en castelán ou ben, se este non fose idioma común, en inglés cos tripulantes.

4. O inspector cualificado deberá coñecer adecuadamente as disposicións do Convenio SOLAS de 1974 e os procedementos pertinentes previstos neste regulamento.

5. O inspector cualificado que leve a cabo recoñecementos específicos non poderá estar vinculado por ningún interese á compañía afectada nin a ningunha outra que preste servizo regular con orixe ou destino en España, nin ó transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade inspeccionados, nin tampoco estará empregado por sociedades de clasificación que realicen recoñecementos obrigatorios ou de clasificación ou lle expidan certificados a tal transbordador de carga rodada ou nave de pasaxe de gran velocidade, nin traballará por conta destas últimas.

6. Aceptaranse tamén inspectores que non cumpran os criterios expostos se na data de entrada en vigor do Real decreto 1621/1997, do 24 de outubro, derrogado posteriormente polo Real decreto 768/1999, do 7 de maio, estaban ó servizo da Dirección Xeral da Mariña Mercante para recoñecementos obrigatorios ou para as inspeccións do control do estado do porto.

**21432** *REAL DECRETO 1837/2000, do 10 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de inspección e certificación de buques civís. («BOE» 285, do 28-11-2000.)*

O artigo 86.5 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, na súa versión actual, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro (en diante LPEMM), encoméndalle ó Ministerio de Fomento a competencia sobre ordenación e execución das inspeccións e controis técnicos, radioeléctricos, de seguridade e de prevención da contaminación do medio mariño de tódolos buques civís españois, dos que se atopen en construción en España e dos estranxeiros nos casos autorizados polos acordos internacionais.

Desde principios de século foron tres as disposicións normativas que, con rango de real orde, en primeiro lugar, e decreto posteriormente, constituíron o marco legal para a ordenación e regulación das actividades de inspección e certificación de buques. Por real orde do 25 de novembro de 1909 promulgouse o Regulamento de recoñecemento de embarcacións mercantes, substituído máis adiante polo Decreto 1362/1959, do 23 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións mercantes, amplamente revisado polo Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, a vixencia do cal se estendeu ata a data.

O artigo 1-12 deste último prevía que os preceptos do regulamento deberían ser periodicamente revisados, en prazos non inferiores a tres anos nin superiores a dez, co fin de recolle-las ensinanzas da experiencia na súa aplicación e levar a cabo as modificacións ou adap-